

Inseguridades e certezas rusas

Description

Sábese de sempre que Rusia, na súa vastidade territorial, non é defendibel en termos militares. O clima foina salvando sempre de invasións desencadeadas no Oeste, pero esa sorte non abalou a crenza na verdade xeopolítica fundamental de que a continuidade da chaeira xermánica septentrional abre camiño limpo á invasión. A xeopolítica propiamente dita perde vixencia como concepto, ata chegar a usarse o termo como equivalente de "política internacional ou mundial", pero explica a presenza continua desa debilidade na mentalidade estratéxica rusa. Xa era así na Rusia dos zares, e seguiu sendo na Unión Soviética e na Federación de Rusia de hoxe.

A reforma das volumosas forzas armadas rusas na época postsoviética, sobre todo despois da desastrosa campaña en Afganistán, é unha historia tortuosa e interesante. Intensificouse este ano, con trazas de profesionalización e redución do número de soldados do Exército de Terra.

O máis doado para Rusia é a alternativa de non ter que empregar esas forzas de tan incerta eficacia. Xa abonda coas campañas no Cáucaso, que son outra constante xeopolítica. Daí a importancia de xogar a carta da enerxía, o terreo en que Rusia ten enorme forza. Gazprom, en constante expansión e crecente obediencia ao Kremlin, é un arma equivalente ás forzas armadas.

A dependencia enerxética de Rusia dos países de Europa é preocupación constante da Unión Europea. Fálase de cote nos medios de que Rusia non pode garantir a continuidade de suministro. Apreséntanse como exemplo as interrupcións do abastecimento de gas natural que resultan do conflito ruso-ucraiano. Hai que levar en conta que por Ucraia pasa o 80 % aproximadamente do gas ruso a camiño de Europa.

A Unión Europea preferiría o chamado proxecto Nabuco, que traería o gas natural do Caspio ou de países do Oriente Próximo pasando por Turquía e evitando Rusia e Ucraia. Sin falar de que unha dependencia de Turquía non é moi desexabel, as cuestións técnicas de custo e duración das obras tornan pouco viable ese proxecto tan querido de Bruxelas.

Rusia ten dúas propostas para manter a súa posición sin depender do paso por Ucraia. Unha é gasoducto chamado do North Stream, que levaría o gas por conducto submarino directamente de Rusia a Alemaia, e outro, o chamado South Stream que, polo Mar Negro, Bulgaria e Grecia, remataría en Italia.

O proxecto North Stream é ben visto polo goberno alemán. O ex-chanceler Gerhard Schröder, está no Consello de Administración da empresa do proxecto. Máis unha vez reaparece a gravitación rusa de Alemaia. E a República Federal ofrece, sen dúbida, maiores garantías de estabilidade que Ucraia.

No caso do South Stream, Italia depende tanto como Alemaia do gas ruso. Rusia sabe que non ten maiores medios de presión enerxética sobrer Francia, que se podería opor ao proxecto e tender ao Nabuco. Podería facer iso porque ten un sector nuclear moi desenvolvido como abastecedor de enerxía. Nesa situación resulta importante que, despois da recente visita de Putin a Sarkozy, Francia se manifestase favorábel ao proxecto do Sur. Putin conseguiu o que quería con medios económicos tais como a promesa de comprar un portahelicópteros do tipo francés Mistral, por valor de 600 millón de dólares, investimentos da Renault na Avtovaz rusa e outros.

Semella craro o éxito desa operación de Putin, que supón insertar un guillo na fronte enerxética europea e fortalece a presenza rusa nun espacio decisivo para a súa seguridade.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Rusia ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Decembro 3, 2009

Meta Fields

Autoria : 10041

Datapublicacion : 2009-12-03 00:00:00